## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Prevención de riscos laborais

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Materia | Prevención de riscos laborais | | | |
| Código | V08G210V01801 | | | |
| Titulación | Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 4 | 2c |
| Lingua de impartición | | | | |
| Departamento | Dereito público especial | | | |
| Coordinador/a | Núñez Ramos, José Ramón | | | |
| Profesorado | Núñez Ramos, José Ramón<br>Portas Morán, Rosina María Mercedes | | | |
| Correo-e | xosera@gmail.com | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A materia Preveción de riscos laborais ten por finalidade o coñecemento do marco xurídico da prevención de riscos laborais, os conceptos básicos de saúde laboral, a política pública de prevención de riscos, asi como prevención de riscos laborais na empresa | | | |

## Competencias de titulación

| Código | |
|---|---|
| A1 | Coñecer o marco normativo regulador das relacións laborais |
| A12 | Coñecer os principios ideolóxicos e dos actores que condicionan as relacións laborais no mundo actual |
| A14 | Ser quen de seleccionar, administrar e transmitir información e documentación laboral |
| A28 | Capacidade para comprender as distintas vicisitudes empresariais e conectalas con aspectos sociolaborais |
| B1 | Capacidade de análise e síntese |
| B3 | Traballar individualmente e en equipo |
| B6 | Capacidade de organización e planificación |
| B10 | Preocupación pola calidade |

## Competencias de materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|---|
| Coñecer e aplicar a normativa de prevención de riscos laborais, identificando as institucións xurídicas que compoñen o sistema preventivo. | A1 | |
| Capacidade para analizar a transcendencia da participación dos traballadores na prevención de riscos na empresa. | A12 | |
| Capacidade de planificación e deseño, asesoramento e xestión dos sistemas de prevención de riscos laborais. | A14 | |
| Capacidade para identificar e interrelacionar os distintos factores que interveñen no ámbito da saúde laboral. | A28 | |
| Capacidade de síntese e análise | | B1 |
| Capacidade de xestión da información. | | B3 |
| Resolver problemas de forma eficaz | | B6 |
| Preocupación pola calidade. | | B10 |

## Contidos

| Tema |
|---|

| | |
|---|---|
| LECCIÓN 1. INTRODUCCION: O TRABALLO COMO FACTOR CREADOR DE RISCOS E A FORMACIÓN HISTÓRICA DO DEREITO DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO. | I. -O TRABALLO COMO FACTOR CREADOR DE RISCOS.<br>I. O risco laboral.<br>II. A resposta da sociedade: a saúde laboral e o Dereito da prevención de riscos laborais<br>II. -FORMACIÓN HISTÓRICA DO DEREITO DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.<br>I. Antecedentes: o traballo no século XIX.<br>II. O Dereito industrial.<br>III. A teoría do risco profesional e o seu aseguramento. . |
| LECCIÓN 2. NORMATIVA DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO. | I. -CONTEXTO NORMATIVO INTERNACIONAL E COMUNITARIO DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.<br>I. Os instrumentos normativos da Organización Internacional do Traballo. Especial referencia ao Convenio OIT nº 155.<br>II. As Directivas comunitarias. Especial referencia á Directiva 89/391/CEE e directivas específicas. A política comunitaria vixente<br>II. -NORMATIVA INTERNA.<br>I. Normativa preconstitucional. As Ordenanzas sectoriais. A Ordenanza Xeral de Seguridade e Hixiene no traballo.<br>II. A Constitución e o art. 19 ET<br>III. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Xénese.<br>Desenvolvemento regulamentario. O Regulamento dos servizos de prevención. A normativa anterior vixente.<br>IV. A prevención de riscos laborais na negociación colectiva.<br>IV. -ÁMBITO DE APLICACIÓN DA NORMATIVA PREVENTIVA.<br>I. Alcance universal da normativa preventiva.<br>II. Supostos incluídos e supostos especiais de inclusión<br>III. Supostos excluídos.<br>IV. Situacións especiais |
| LECCIÓN 3. A POLÍTICA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS. O PAPEL DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. | I. A política de prevención de riscos laborais: obxectivos, medios e principios inspiradores.<br>II. Órganos comunitarios. Os comités consultivos. A Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no traballo.<br>III. Órganos estatais. O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no traballo. A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no traballo. A Inspección de Traballo e Seguridade Social. Outras institucións.<br>IV. -Organismos das CC.AA. |
| LECCIÓN 4. A PROTECCIÓN DA SAUDE DOS TRABALLADORES | A SAÚDE DOS TRABALLADORES.<br>I. O deber empresarial de garantir a vixilancia periódica da saúde.<br>II. Os instrumentos de vixilancia da saúde.<br>III. Os dereitos da persoa como límite á vixilancia da saúde do traballador. O acceso á información médica.<br>SUPOSTOS ESPECIAIS DE PROTECCIÓN<br>I. A protección dos traballadores especialmente sensibles a determinados riscos.<br>II. A protección dos menores.<br>III. A seguridade e a saúde no traballo en supostos de contratación temporal, duración determinada e empresas de traballo temporal.<br>A PROTECCIÓN DA MATERNIDADE<br>I. A protección do embarazo. Adaptación do posto de traballo. Cambio de posto de traballo. Suspensión por risco durante o embarazo. Referencia á acción protectora da Seguridade Social.<br>II. A protección do parto. A suspensión por parto. Referencia á acción protectora da Seguridade Social.<br>III. A protección da lactación. |

| | |
|---|---|
| LECCIÓN 5. OS DEBERES EMPRESARIAS DE PROTECCIÓN E O SISTEMAS DE PREVENCION. | A PREVENCIÓN NA EMPRESA.<br>I. O dereito dos traballadores á protección eficaz da seguridade e saúde no traballo.<br>II. O deber empresarial de protección dos traballadores. -Extensión e contido. -Natureza xurídica do deber de seguridade.<br>III. O deber de seguridade empresarial e a estrutura xerárquica da empresa.<br>IV. Os principios da acción preventiva.<br>SISTEMAS DE PREVENCIÓN NA EMPRESA.<br>I. A asunción directa polo empresario do deber de prevención.<br>II. A designación empresarial dos traballadores encargados da prevención.<br>III. Os servizos de prevención.<br>Actuación preventiva das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.<br>Presenza dos recursos preventivos no centro de traballo.<br>A COORDINACIÓN PREVENTIVA EN SUPOSTOS DE PLURALIDADE EMPRESARIAL NUN MESMO CENTRO DE TRABALLO.<br>I. A cooperación e coordinación recíproca de actividades empresariais preventivas.<br>II. As obrigas do empresario titular do centro de traballo.<br>III. Contratas e subcontratas de obras e servizos: o deber de vixilancia do empresario principal. As obrigas informativas.<br>A participación dos traballadores autónomos.<br>Os fabricantes, importadores e subministradores. |
| LECCIÓN 6. DEBERES E PARTICIPACION DOS TRABALLADORE NA PREVENCCION DE RISCOS LABORAIS. | OS DEBERES DOS TRABALLADORES EN SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.<br>I. O deber xeral de velar pola seguridade e saúde no traballo.<br>II. Deberes instrumentais. O deber de autoprotección. O deber de obediencia. O deber de colaboración. Outros deberes.<br>III. Consecuencias do incumprimento: o poder sancionador do empresario.<br>REPRESENTACIÓN E PARTICIPACIÓN DOS TRABALLADORES NA LEI DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.<br>I. O deber de información e consulta empresarial aos traballadores.<br>II. O dereito de participación.<br>III. A representación dos traballadores. Representación unitaria e sindical. Os delegados de prevención. O comité de seguridade e saúde. |
| LECCIÓN 7. A RESPONSABILIDADE EMPRESARIAL Y O REXIMEN XURIDICO SANCIONADOR. | O RÉXIME XURÍDICO SANCIONADOR.<br>I. O réxime de responsabilidades empresariais por incumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.<br>II. As infraccións administrativas preventivas: leves, graves e moi graves.<br>III. A sanción económica: alcance e criterios de graduación.<br>Sancións especiais e sancións accesorias.<br>Procedemento sancionador.<br>OUTRAS RESPONSABILIDADES.<br>I. Responsabilidade penal.<br>II. Responsablidad civil ou patrimonial. Responsabilidade contractual. Responsabilidade extracontractual. Responsabilidade civil derivada do delito.<br>III. A recarga de prestacións.<br>IV. Concorrencia e articulación de responsabilidades.<br>SUPOSTOS ESPECIAIS DE RESPONSABILIDADE.<br>I. Contratas e subcontratas de obras e servizos.<br>II. As empresas de traballo temporal.<br>III. A situación especial da administración pública. |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Estudo de casos/análises de situacións | 15 | 0 | 15 |
| Sesión maxistral | 34 | 0 | 34 |
| Probas de tipo test | 1 | 21 | 22 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 1 | 34 | 35 |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | 2 | 32 | 34 |
| Outras | 0 | 10 | 10 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Estudo de casos/análises de situacións | Planteamiento e resolución de casos prácticos ao fin de levar á práctica os contidos teóricos da materia. A tal efecto, o docente propondrá ao alumnado a resolución de feitos, supostos, casos, sentencias, etc, coa finalidade de coñecelos, interpretalos, resolvelos, así como reflexionar sobre os mesmos, contrastar datos, completar os seus coñecementos e adestrarse en procedementos alternativos de solución. |
| Sesión maxistral | Exposición por parte do docente dos contidos da materia obxecto de estudio, as súas bases teóricas e directrices principais, contidos que deberán ser estudados polo alumnado e que serán obxecto de avaliación. |

## Atención personalizada

| **Metodoloxías** | **Descrición** |
|---|---|
| Sesión maxistral | Entrevistas/conversacións/resolución de dubidas nas sesións presenciais que o docente mantén co seu alumnado para asesoramento e desenvolvemento das distintas actividades na que se estructura a materia e do proceso de aprendizaxe |
| Estudo de casos/análises de situacións | Entrevistas/conversacións/resolución de dubidas nas sesións presenciais que o docente mantén co seu alumnado para asesoramento e desenvolvemento das distintas actividades na que se estructura a materia e do proceso de aprendizaxe |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación |
|---|---|---|
| Probas de tipo test | Durante o cuatrimestre se realizarán 2 probas tipo test/cuestionarios sobre unha parte<br>dos contidos teóricos da materia. A cualificación obtida en cada test suporá un 10% da<br>nota final. En ningún caso a superación destes cuestionarios liberará de materia de<br>cara á realización do examen final. As datas de celebración de cada test/cuestionario<br>serán fixadas polo docente no cronograma da materia. | 20 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Os contidos prácticos da materia serán avaliados nunha proba/examen final. Trátase<br>dunha proba/examen práctico consistente na resolución, por escrito, dun suposto/caso<br>práctico no que alumnado aplicará os coñecementos prácticos adquiridos durante o<br>cuatrimestre. A cualificación obtida nesta suporá o 25% da nota final. | 25 |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | Os contidos teóricos da materia serán avaliados nunha proba/examen final. Trátase<br>dunha proba teñorica e escrita, que incluirá entre 5 e 7 preguntas de<br>desenvolvemento sobre os distintos epígrafes do programa. O alumnado deberá<br>demostrar a adquisición de coñecementos teóricos da materia en respostas de<br>extensión intermedia. A cualificación obtida nesta proba suporá o 30% da nota final. | 30 |

| | | |
|---|---|---|
| Outras | A participación e intervención nas clases teóricas e prácticas, a preparación dos supostos prácticos ou das sesións teóricas, cando así proceda, a realización de cuestionarios na plataforma faitic, a asistencia a actividades formativas organizadas pola Área de Dereito do Traballo e, en xeral, calqueira actividade desenvolvida polo alumnado ao marxe das probas obxectivas parciais e finais, serán avaliados polo docente durante todo o cuatrimestre, tendo un valor sobre a cualificación final do 25%. EN TODO CASO, PARA QUE A CUALIFICACIÓN FINAL OBTIDA NA PARTICIPACIÓN EN CLASE E NAS PROBAS TIPO TEST POIDA SUMARSE Á CUALIFICACIÓN OBTIDA NAS PROBAS FINAIS DE RESPOSTA LONGA E DE CASO PRÁCTICO, NESTAS DÚAS ÚLTIMAS PROBAS DEBERÁ ALCANZARSE UNHA NOTA MEDIA DE 4.00. DE NON SER ASÍ, A CUALIFICACIÓN OBTIDA NA EVALUACIÓN CONTINUA NON SE TERÁ EN CONTA, AINDA QUE PODERÁ CONSERVARSE PARA A CONVOCATORIA DE XULLO, NA QUE SE APLICARÁ A MESMA REGRA. | 25 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

CONVOCATORIA ORDINARIA DO MES DE XULLO:

Se o/a alumno/a non superase a materia na convocatoria ordinaria do mes de xuño, a nota obtida na avaliación continua desenvolvida durante o curso conservarase para a convocatoria do mes de xullo. Porén, se non superase a materia nas dúas citadas convocatorias do curso académico, o/a alumno/a tería que someterse un novo proceso de avaliación continua, agás que opte pola avaliación final teórica e práctica.

SISTEMA DE AVALIACIÓN FINAL:

Aqueles/as alumnos/as que non se acollan ao sistema de avaliación continua serán avaliados nun examen final. Trátase dunha proba escrita, de carácter teórico e práctico, sobre todos os contidos da materia e representará o 100% da nota final.

CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA:

Na convocatoria fin de carreira o/a alumno/a será avaliado nun único examen escrito, de carácter teórico e práctico e que representará o 100% da nota final.

## Bibliografía. Fontes de información


LÓPEZ GANDÍA, JUAN y BLASCO LAHOZ, **Curso de prevención de riesgos laborales**, Tirant lo Blanch, Valencia (última edición),

SALA FRANCO, **Derecho de la Prevención de Riesgos Laborales**, Tirant lo Blanch, Valencia (última edición),

GARCÍA NINET, I. (coord.), **Manual de prevención de riesgos laborales**, Atelier (Barcelona), última edición.,


## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito da seguridade social I/V08G210V01402

Dereito do traballo I/V08G210V01302

Dereito do traballo II/V08G210V01403

Dereito da seguridade social II/V08G210V01501